



PROPOSTA DE ACORDO ENTRE A CONSELLERÍA DEE AS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS....SOBRE A INCLUSIÓN DUNHA ADDENDA AO ACORDO PARA A ORDENACIÓN E MELLORA DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS VETERINARIOS OFICIAIS QUE MODIFICA O ANEXO I DO DITO ACORDO EN RELACIÓN AO PERSOAL DOS SERVIZOS VETERINARIOS OFICIAIS DE SAÚDE PÚBLICA.

No ano 2008 asinouse o acordo para a ordenación e mellora da prestación de servizos veterinarios oficiais no ámbito da Xunta de Galicia. No anexo I de dito acordo incluíase o réxime de prestación do persoal veterinario de inspección de saúde pública.

Con esta addenda ao acordo preténdese satisfacer as novas demandas de control, prevención, promoción e protección de saúde fronte a perigos biolóxicos, químicos, físicos ou nutricionais derivados da vida animal ou das súas producións, organización no ámbito da saúde pública para acadar unha axeitada xestión dos servizos de inspección, o establecemento de medidas de protección fronte a riscos ou de intervención en situacións de crise, xunto co recoñecemento da veterinaria como profesión sanitaria dentro do concepto One Health.

Porén, considérase necesaria unha actualización de determinados apartados do ANEXO 1 do acordo do 2008 que se concreta nos seguintes eixos:

No que se refire ao ámbito de actuación do **persoal inspector de saúde pública**, actualmente a estrutura organizativa en comarcas non se considera axeitada, xa que a apertura de novos matadoiros/lonxas ou a diminución temporal o permanente da súa actividade e incluso o peche destes establecementos, xunto coa diferenza de cargas de traballo entre as comarcas debido ao diferente desenvolvemento económico dos concellos, fai necesario unha reorganización para que os recursos de persoal sexan xestionados dunha forma máis eficiente e se garanta unha carga de traballo máis equitativa entre os diferentes efectivos.

O Decreto 474/1997, do 12 de decembro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 200/1991, do 13 de xuño, polo que se reestruturan os servizos veterinarios oficiais e se definen as súas funcións, indica que o ámbito xeográfico de actuación dos inspectores veterinarios de saúde pública será o fixado nas correspondentes relacións de postos de traballo (RPT). Por tanto cómpre realizar un cambio na RPT para que o ámbito de actuación destes postos sexa a zona. A propos-

ta de zonas é a que aparece no anexo II (que englobaría as comarcas e concellos que se relacionan).

Esto aplicaríase actualmente aos postos de persoal inspector veterinario de saúde pública de comarca, ao persoal inspector veterinario de saúde pública de matadoiro e ao persoal inspector veterinario de saúde pública de lonxa. Desta forma, en caso de peche dun matadoiro, o persoal inspector veterinario podería dar apoio a outros matadoiros da zona ou, no caso do persoal de inspección de comarca, permitiría reorganizar de forma máis eficiente os recursos de efectivos naquelas comarcas con escaseza de persoal ou que puntualmente poidan ter un aumento da carga de traballo.

Isto permite adaptarse ás necesidades reais da inspección das comarcas e realizar unha distribución máis equitativa do traballo entre os efectivos da zona.

Para a efectividade do salientado anteriormente modifícase o anexo I do acordo para a ordenación e mellora da prestación de servizos veterinarios oficiais non ámbito da Xunta de Galicia, manténdose o subsistente o non alterado na presente addenda:

ANEXO I

RÉXIME DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS VETERINARIOS OFICIAIS DE SAÚDE PÚBLICA.

1º Ámbito de aplicación

O presente acordo seralle de aplicación a todo o persoal inspector veterinario dos Servizos Veterinarios de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, cuxo ámbito territorial é a zona, tal e como se detallan no Anexo II.

Dentro da denominación de persoal inspector veterinario de saúde pública defínense os seguintes postos:

-Inspector/a veterinario/a de saúde pública de zona

-Inspector/a veterinario/a de saúde pública de matadoiro



-Inspector/a veterinario/a de saúde pública de lonxa

2º. Horarios de traballo.

2.1. Dentro da xornada semanal de trinta e sete horas e trinta minutos, o horario de traballo do persoal veterinario con destino na Consellería de Sanidade será o seguinte:

2.1.a) As xefaturas de zona do persoal Inspector veterinario de saúde pública adaptarán o seu horario ás necesidades do servizo.

2.1.b) O persoal inspector veterinario que presten os seus servizos en matadoiros ou lonxas adaptarán o seu horario á actividade dos matadoiros ou lonxas da respectiva zona.

2.1.c) O resto do persoal inspector veterinario de saúde pública realizarán un horario entre as 7:45 e as 20:45 horas, de luns a venres, mediante o establecemento de quendas obrigatorias con rotación semanal. Establecese con carácter xeral o horario seguinte:

-Quenda de mañá: de 7:45 h a 15.15 h.

-Quenda de tarde: de 13.15 h a 20:45 h.

A quenda de tarde non poderá exceder de 10 tardes ao bimestre por inspector/a.

A organización das quendas de tarde a determinará a xefatura de zona correspondente, adecuando os efectivos ás necesidades da zona no caso do persoal inspector veterinario de saúde pública.

2.2 Durante os fins de semana e festivos, o horario do persoal obxecto deste acordo con destino na Consellería de Sanidade será o seguinte:

2.2.a) As xefaturas de zona do persoal inspector veterinario de Saúde Pública da zona estarán obrigados á realización de servizos de apoio durante os fins de semana e festivos.

2.2.b) O horario do persoal inspector veterinario de saúde pública que presten os seus servizos en matadoiros ou lonxas quedará determinado na modalidade de presenza física dun só día, non podendo exceder de sete horas e trinta minutos.

2.2.c) O horario do resto do persoal inspector veterinario quedará determinado pola prestación de servizos nas dúas modalidades de presenza física e/ou de presenza localizada.



A garda de presenza localizada será efectuada necesariamente desde as **8:00 h ata as 20.00 h** do sábado e do domingo, e, de ser o caso, do correspondente festivo, cos medios materiais necesarios, achegados pola Consellería de Sanidade.

As gardas de presenza localizada non excederán de seis ao ano por inspector/a.

Para os efectos do cómputo, cada garda localizada está formada polo sábado e o domingo de cada semana (e o festivo correspondente de ser o caso).

Durante os festivos coincidentes no período de luns a venres, a prestación de servizos farase segundo a modalidade de presenza localizada, en horario de **8:00 h a 20:00 h** da seguinte forma:

-De coincidir un único festivo no período semanal, a prestación de servizos correrá a cargo das persoas que teñan asignados os servizos da seguinte fin de semana.

-De coincidir máis dun festivo na mesma semana, faranse cargo dos servizos no primeiro festivo o persoal inspector que tiveran asignados os servizos da fin de semana anterior e do segundo festivo, os que tiveran asignados os servizos da fin de semana seguinte.

2.3. Ocasionalmente e por circunstancias excepcionais, poderán ser establecidos, pola Dirección Xeral de Saúde Pública **ou no seu caso pola Dirección Territorial correspondente**, servizos extraordinarios **a nivel autonómico ou provincial, respectivamente**, co sistema de compensación retributiva e demais condicións que se recollen no presente acordo.

2.4. Corresponderalles **ás xefaturas de zona do persoal inspector veterinario de Saúde Pública da zona** a xestión e control do cumprimento dos horarios, quendas e servizos de fin de semana e festivos, sen prexuízo das atribucións xenéricas que lle corresponden **ás xefaturas de servizo de control de riscos ambientais e aos/ás directores/ras territoriais da Consellería de Sanidade.**

3º. Funcións durante ás fins de semana e festivos.



Son funcións a realizar polo persoal obxecto da presente addenda, durante as fins de semana e festivos, cando sexa necesaria a presenza física e dentro do seu ámbito territorial de actuación:

3.1. **As xefaturas de zona do persoal inspector veterinario de Saúde Pública** que presten servizos de apoio realizarán as tarefas de coordinación entre o persoal que preste os seus servizos nos fins de semana e festivos da provincia correspondente e o persoal de garda da Dirección Xeral de Saúde Pública a través dos medios postos a súa disposición pola administración.

3.2 **O persoal inspector veterinario de saúde pública** que presten os seus servizos en matadoiros realizarán:

-Nos casos excepcionais en que os establecementos para a obtención de **carnes frescas**, por motivos suficientemente xustificadas, soliciten e sexan autorizados para o sacrificio en sábados, domingos ou festivos, a inspección veterinaria será efectuada na modalidade de presenza física. Para tal efecto elaboraranse en cada zona veterinaria quendas rotatorias obrigatorias e retribuídos segundo a contía correspondente.

Quedan exceptuados deste apartado os servizos prestados naqueles establecementos de obtención de carnes frescas nos que a súa semana laboral inclúa os sábados ou domingos como xornada habitual e dispoña doutra xornada de descanso na mesma semana, sempre que non se superen as trinta sete horas e trinta minutos de traballo semanal.

3.3. O persoal inspector veterinario de saúde pública que presten os seus servizos en lonxas realizarán:

-Nos casos excepcionais e por motivos suficientemente xustificadas en que sexa necesaria a presenza nas lonxas en sábados, domingos ou festivos, a inspección veterinaria será efectuada na modalidade de presenza física. Para tal efecto elaboraranse en cada zona veterinaria quendas rotatorias obrigatorias **e retribuídos segundo a contía correspondente.**

3.4 Os días 24 e 31 de decembro serán considerados festivos a todos os efectos, polo que serán retribuídos segundo o establecido nos apartados 3.2 e 3.3



3.5. O resto do persoal veterinario de inspección de saúde pública cando sexa necesaria a presenza física, realizarán:

-Inspección e control da calidade hixiénico-sanitaria dos alimentos. Estas funcións só serán necesarias naqueles casos en que se celebren mercados e feiras ou exista actividade nas prazas de abasto que requiran un seguimento especial. Así mesmo, efectuarase calquera control derivado dunha denuncia e/ou alerta alimentaria.

-Vixilancia e control das condicións hixiénico-sanitarias dos comedores colectivos. Estas funcións só serán necesarias nos casos en que o establecemento estea sometido a un seguimento especial. Así mesmo, efectuarase calquera control derivado dunha denuncia e/ou alerta alimentaria.

-Detección e control de factores de risco das enfermidades de orixe alimentaria; investigación da cadea alimentaria dos abrochos das enfermidades de orixe alimentaria, tanto os que se orixinen nese período como os que se iniciasen con anterioridade e requiran continuidade.

-Vixilancia e inspección das condicións hixiénico-sanitarias das industrias e establecementos de alimentación. Estas funcións só serán necesarias naqueles casos en que a industria ou o establecemento estea sometido a un seguimento especial. Así mesmo, efectuarase calquera control derivado dunha denuncia e/ou dunha alerta alimentaria.

-Inspección e control das fases de elaboración, almacenamento, transporte e comercialización dos produtos destinados ó consumo humano. Estas funcións só serán necesarias naqueles casos en que o establecemento estea sometido a un seguimento especial. Así mesmo, efectuarase calquera control derivado dunha denuncia e/ou dunha alerta alimentaria.

A expresión “actuacións efectivas que excedan a xornada ordinaria” entenderase como traballos autorizados motivadamente e realizados mais aló do establecido con carácter xeral no punto 2.1 do presente acordo.

4º.- Aspectos retributivos.

4.1. O persoal veterinario inspector de saúde pública asignados á Consellería de Sanidade, polo cumprimento da actividade antes des-



crita, percibirá un complemento específico especial fixado no acordo para a ordenación e mellora da prestación de servizos veterinarios oficiais no ámbito da xunta de Galicia

4.2. As condicións singulares dos postos de traballo de matadoiros e lonxas derivadas dos horarios especiais destes establecemento será retribuídas a través dun complemento de produtividade, de conformidade ca seguinte distribución e importe: (en amarelo, cantidade actual. En azul, cantidade proposta que supón un incremento do 20%)

	IMPORTE DIA- RIO ACTUAL	IMPORTE PROPOSTO
Entrada entre as 21 e as 5 h	6,79 € -	8,15 €
Entrada entre as 5:01h e as 6 h	5,08 €	6,10 €
Entrada entre as 6:01 h e as 7 h	3,42 €	4,10 €
Entrada entre a 7:01 h e as 7:45 h	2,54 €	3,05 €

4.3. Realización de actuacións efectivas fóra da xornada habitual. Estas actuacións serán retribuídas en relación directa coas horas ou fraccións de hora efectivamente empregadas, computando como o tempo necesario por cada actuación efectiva o empregado polo/a funcionario/a tomando como punto de inicio e final da actuación a localización do centro de traballo onde estea destinado. Fíxase un valor de 28 € (Ata agora era 25,50 €) horas establecendo un mínimo de 3 horas por saída en sábados, domingos e festivos. Este importe experimentará o mesmo porcentaxe de incremento anual que as retribucións do persoal

5º. Ámbito de actuación

5.1 Co fin de acadar unha maior racionalización na distribución dos recursos asignados, o ámbito de actuación de todo o persoal inspector veterinario de Saúde Pública comprendido na presente Addenda é a zona veterinaria que lle corresponda segundo o ANEXO II e así se determinará na correspondente RPT.

1. Persoal inspector veterinario de saúde pública de zona:

Todo o persoal inspector veterinario de saúde pública de zona terá un centro de traballo asignado na relación de postos de traballo dos servizos veterinarios de inspección de saúde pública da Consellería de



Sanidade, que será coincidente co existente ata agora na distribución dos postos de traballo por comarcas, dende onde seguirá desenvolvendo a súa actividade en todos os concellos que lle corresponden segundo o Anexo II.

Para os efectos do cumprimento do horario, ao **persoal veterinario de inspección de Saúde Pública de zona** computaráselle como traballo efectivo a partir da saída do centro de traballo que lle corresponda segundo o establecido na RPT. Así mesmo, para os efectos do desprazamento, tomarase como punto de partida o citado centro de traballo. Os desprazamentos faranse sempre en vehículo oficial.

Poderase determinar a mobilidade dos efectivos a outros centros de traballo dentro da mesma zona, cando se dean algúns destes supostos.

-Incremento ou diminución de cargas de traballo nun ou varios concellos de zona

-Alertas epidemiolóxicas

-Cobertura temporal de prazas ata tanto non sexa cubertas por substituto/as das listas de contratación xestionadas pola Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal.

A duración máxima da mobilidade de efectivos que se aplicará ao persoal inspector, en caso de ser necesaria, será de 3 meses ao ano, continuada ou fraccionada. A mobilidade de efectivos non terá límite temporal cando o traballador/a manifeste a súa voluntariedade

En caso de non haber persoal voluntario, a xefatura de zona elaborará unha listaxe rotatoria para a mobilidade entre todo o persoal inspector veterinario de acordo cos seguintes criterios:

-En primeiro lugar, o persoal inspector veterinario dos centros de traballo limítrofes a onde xurda a necesidade de efectivos.

-En segundo lugar, o persoal inspector veterinario con menos cargas familiares

-En terceiro lugar o persoal inspector veterinario de menor antigüidade

-En cuarto lugar, o persoal inspector veterinario de menor idade.

2. Persoal inspector veterinario de saúde pública de matadoiro:



Todo o persoal inspector veterinario de saúde pública de matadoiro terá un centro de traballo asignado, que será coincidente co que lle correspondía ata agora na distribución dos postos de traballo por comarcas establecida na relación de postos de traballo dos servizos veterinarios de inspección de saúde pública da Consellería de Sanidade.

A xefatura de zona, determinará a súa mobilidade nos seguintes supostos:

a) Cando se produza o peche definitivo do matadoiro que ten asignado na actualidade, no caso de existencias de xornadas laborais nas que permaneza pechado ou ben cando diminúa considerablemente a súa carga de traballo . Se non houberse outro matadoiro na zona, poderá desenvolver as funcións que lle sexan asignadas pola xefatura de zona.

b) Cando se produza, a través dos controis trimestrais debidamente xustificadas, un aumento ou diminución do volume da actividade dun matadoiro da zona co obxecto de garantir o funcionamento da actividade inspectora en todos os matadoiros da zona.

c) Cobertura temporal de prazas ata tanto non sexa cubertas por persoal substituto das listas de contratación xestionadas pola Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal.

A duración máxima da mobilidade de efectivos será de 3 meses ao ano. Non terá límite temporal cando o traballador/a manifeste a súa voluntariedade e poderá elixir o centro de traballo dende onde comezar a actividade inspectora en caso de atender máis de un matadoiro.

En caso de non haber persoal voluntario, a xefatura de zona elaborará unha listaxe para a mobilidade entre todo o persoal inspector veterinario de acordo cos seguintes criterios:

-En primeiro lugar, o persoal inspector veterinario dos centros de traballo limítrofes a onde xurda a necesidade de efectivos.

-En segundo lugar, o persoal inspector veterinario con menos cargas familiares

-En terceiro lugar o persoal inspector veterinario de menor antigüidade

-En cuarto lugar , o persoal inspector veterinario de menor idade.



De utilizar vehículo propio como medio de transporte, en caso de traslado a outro centro de traballo, aboaraselle a contía establecida pola Consellería de Facenda e Administración Pública en concepto de indemnización por uso de vehículo particular correspondente á distancia do seu centro de traballo habitual ao do novo destino. En caso de atender ademais do habitual, a outro centro de traballo, aboaraselle a indemnización correspondente ao traslado entre os dous centros.

3) O persoal inspector veterinario de saúde pública de lonxa

A duración máxima da mobilidade de efectivos será de 3 meses ao ano. Todo o persoal inspector veterinario de saúde pública de lonxa terá un centro de traballo asignado, que será coincidente co que lle correspondía ata agora na distribución dos postos de traballo por comarcas establecida na relación de postos de traballo dos servizos veterinarios de inspección de saúde pública da Consellería de Sanidade.

A xefatura de zona, determinará a súa mobilidade nos seguintes supostos:

a) Cando se produza o peche dunha lonxa ou se produza a través dos controis anuais debidamente xustificadas, un aumento ou diminución do volume da actividade dunha lonxa da zona co obxecto de garantir o funcionamento da actividade inspectora en todos as lonxas da zona. No caso de estar debidamente cubertas todas as lonxas da zona, o persoal veterinario inspector pasará a desempeñar as funcións que lle sexan asignadas pola xefatura de zona

b) Cobertura temporal de prazas ata tanto non sexa cubertas por persoal substituto das listas de contratación xestionadas pola Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal.

En caso de non haber persoal voluntario, a xefatura de zona elaborará unha listaxe para a mobilidade entre todo o persoal inspector veterinario de acordo cos seguintes criterios:

-En primeiro lugar, o persoal inspector veterinario dos centros de traballo limítrofes a onde xurda a necesidade de efectivos.

-En segundo lugar, o persoal inspector veterinario con menos cargas familiares

-En terceiro lugar o persoal inspector veterinario de menor antigüidade



-En cuarto lugar , o persoal inspector veterinario de menor idade.

De utilizar vehículo propio como medio de transporte, en caso de traslado a outro centro de traballo, aboaraselle a contía establecida pola Consellería de Facenda e Administración Pública en concepto de indemnización por uso de vehículo particular correspondente á distancia do seu centro de traballo habitual ao do novo destino. En caso de atender ademais do habitual, a outro centro de traballo, aboaraselle a indemnización correspondente ao traslado entre os dous centros.

5º. Mobilidade do persoal inspector veterinario de saúde pública (IVSP) entre zonas dentro dunha mesma provincia

Para cubrir as necesidades de persoal nas zonas acudirse aos procedementos de provisión previstos na normativa de emprego público. Cando mediante un sistema de provisión ordinario non sexa posible a cobertura do posto, entanto non se designe substituto/as das listas de contratación xestionadas pola Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, de xeito excepcional e de maneira motivada e con consentimento da persoa afectada, poderase acordar a mobilidade de persoal veterinario de saúde pública entre diferentes zonas dunha mesma provincia En ningún caso suporá un cambio de ámbito xeográfico provincial.

Esta mobilidade realizarase nos seguintes supostos:

5.1) Necesidade de aumentar a dotación de persoal veterinario de inspección de saúde pública dunha zona determinada ou do Servizo de Control de Riscos Ambientais polo incremento temporal da súa carga de traballo.

5.2) Necesidade de aumentar a dotación de persoal veterinario de inspección de saúde pública nos casos de investigación e seguimento de alertas epidemiolóxicas que se produzan.

Para os efectos do cumprimento do horario, computarase como traballo efectivo a partir da saída do centro de traballo ao que estivera asignado o persoal . Así mesmo, para os efectos do desprazamento, tomarase como punto de partida o lugar onde estea establecido o centro de traballo de asignación inicial do persoal de inspección.

De utilizar vehículo propio como medio de transporte, aboaraselle a contía establecida pola Consellería de Facenda e Administración



Pública en concepto de indemnización por uso de vehículo particular correspondente á distancia do seu centro de traballo habitual ao do novo destino. En caso de atender ademais do habitual, a outro centro de traballo, aboaraselle a indemnización correspondente ao traslado entre os dous centros.

6º. Inspeccións e auditorías en terceiros países

Cando como consecuencia da realización de inspeccións e auditorías de buques que recalcan en terceiros países, o persoal de inspección teña que desprazarse fóra da súa zona de inspección, ata ese país terceiro ademais das correspondentes indemnizacións por razóns do servizo, durante estas misións a realización de actuacións efectivas que excedan a xornada ordinaria, ou en fins de semana e festivos, será retribuída cos mesmos criterios deste acordo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital



**ANEXO II. RELACIÓN DE ZONAS PARA A MODIFICACIÓN DE POSTOS
NA RPT DE PERSOAL INSPECTOR VETERINARIO DE SAÚDE PÚBLICA
(IVSP)**

PROVINCIA	ZONA	COMARCAS/ Centros de traballo	CONCELLOS	
A CORUÑA	A CORUÑA	A CORUÑA	Arteixo, Bergondo, Cambre, Carral, Cerceda, A Coruña, Culleredo, Larracha, Oleiros, Sada	
		BETANZOS	Abegondo, Aranga, Betanzos, Cesuras, Coiros, Curtis, Irixoa, Miño, Monfero, Oza-Cesuras, Paderne, Vilarmaior	
		CARBALLO	Cabana, Carballo, Coristanco, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Zas	
	FERROL	FERROL	Ares, Cabañas, A Capela, Fene, Ferrol, Moeche, Mugarodos, Narón, Neda, Pontedeume, As Pontes, San Sadurniño, Somozas, Valdoviño	
		ORTIGUEIRA	Cariño, Cedeira, Cerdido, Mañón, Ortigueira	
	NOIA	BOIRO	Boiro, Rianxo	
		NOIA	Carnota, Lousame, Muros, Noia, Outes, Porto do Son	
		RIBEIRA	Pobra do Caramiñal, Ribeira	
		VIMIANZO	Camariñas, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Laxe, Mazaricos, Muxía, Vimianzo	
	SANTIAGO	ARZUA	Arzúa, Boimorto, Touro, Vilasantar	
		MELIDE	Melide, Santiso, Sobrado, Toques	
		ORDES	Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia, Trazo	
		SANTIAGO	Ames, Baña, A, Boqueixón, Brión, Dodro, Negreira, Padrón, O Pino, Rois, Santa Comba, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra, Vedra	
	LUGO	BURELA	CERVO-BURELA	Alfoz, Burela, Cervo, Foz, O Valadouro, Xove
			MONDOÑEDO	Mondoñedo, Lourenzá
			RIBADEO	Barreiros, Ribadeo, Trabada
VIVEIRO			Ourol, O Vicedo, Viveiro	
LUGO		BECKERREÁ	Becerreá, Cervantes, Navia de Suarna, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro	
		FONSAGRADA	Fonsagrada, Negueira de Muñiz	
		LUGO	Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, O Corgo, Friol, Guitiriz, Guntín, Lugo, Monterroso, Outeiro de Rei, Pallas de Rei, Pol, Portomarín, Rábade, Taboada	
		MEIRA	Meira, A Pastoriza, A Pontenova, Ribeira de Piquín, Riotorto	
		VILALBA	Abadín, Cospeito, Muras, Vilalba, Xermade	
		MONFORTE	CHANTADA	Carballedo, Chantada
MONFORTE			Bóveda, Monforte de Lemos, Pantón, Pobra de Brollón, O Saviñao, Sober	
QUIROGA			Folgoso do Courel, Quiroga, Ribas de Sil	
SARRIA			O Incio, Láncara, Paradela, O Páramo, Samos, Sarria, Triacastela	
OURENSE		O BARCO	A POBRA DE	Chandreja de Queixa, Manzaneda, A Pobra de Trives, San Xoán de



		TRIVES	Río,
		O BARCO DE VALDEORRAS	O Barco, O Bolo, Carballeda, Larouco, Petín, A Rúa, Rubiá, A Veiga, Vilamartín de Valedoras
	OURENSE	CARBALLIÑO	Beariz, Boborás, Carballiño, Irixo, Maside, Piñor, Punxín, San Amaro, San Cristovo de Cea
		CELANOVA	Bande, A Bola, Cartelle, Celanova, Entrimo, Gomesende, Lobeira, Lobios, A Merca, Muíños, Ramirás, Vereá
		OURENSE	Allariz, Amoeiro, Baños de Molgas, Barbadas, Castro Caldelas, Coles, Esgos, Maceda, Montederramo, Nogueira de Ramuín, Ourense, Paderne de Allariz, Parada de Sil, Pereiro de Aguiar, A Peroxa, Quintela de Leirado, San Cibrao das Viñas, Taboadela, A Teixeira, Toén, Vila-marín, Xunqueira de Ambía, Xunqueira de Espadañedo
		RIBADAVIA	A Arnoia, Avión, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón, Padrenda, Pontedevea, Ribadavia
	VERIN	VERIN	Baltar, Castrelo do Val, Cualedro, Gudiña, A, Laza, Mezquita, A, Monterrei, Oímbra, Riós, Verín, Viana do Bolo, Vilardevós, Vilariño de Conso,
		XINZO DE LIMIA	Blancos, Calvos de Randín, Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Xinzo de Limia
PONTEVEDRA	LALIN	A ESTRADA	Cerdedo-Cotobade, Cuntis, A Estrada, Forcarei, Pontecesures, Valga
		LALIN	Dozón, Agolada, Lalín, Rodeiro, Silleda, Vila de Cruces
	PONTEVEDRA	CANGAS	Cangas, Moaña
		MARIN	Bueu, Marín
		PONTEVEDRA	Barro, Campo Lameiro, A Lama, Moraña, Poio, Ponte Caldelas, Pontevedra, Soutomaior, Vilaboa
		SANXENXO	O Grove, Meaño, Sanxenxo
		VILAGARCIA	Caldas de Reis, Cambados, Catoira, A Illa de Arousa, Meis, Portas, Ribadumia, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa
	O PORRIÑO	O PORRIÑO	Mos, O Porriño, Salceda de Caselas
		TUI	A Guarda, O Rosal, Tomiño, Tui
		A CAÑIZA	Arbo, A Cañiza, Crecente
		PONTEAREAS	Covelo, Mondariz, Mondariz-Balneario, As Neves, Ponteareas, Salvaterra de Miño
		VAL MIÑOR	Baiona, Gondomar, Nigrán, Oia
	VIGO	VIGO	Vigo.
		REDONDELA	Redondela, Fornelos de Montes, Pazos de Borbén